

PROTOCOLO COVID-19 PARA O USO DA BIBLIOTECA DO CPI AS REVOLTAS



A aplicación deste protocolo estará sempre ligada as necesidades do centro e o que ditén as autoridades sanitarias.

Durante o curso 2020-2021, levaremos a cabo o **PDI de Viaxes**, polo que as actividades levadas a cabo xirarán entorno a esta temática

AFORO E PRESENCIA NA BIBLIOTECA

- O aforo máximo será de 20 persoas, mantendo a distancia de seguridade e terán que acceder en fila de un.
- Durante os recreos do primeiro trimestre, a biblioteca permanecerá pechada excepto para facer os empréstimos e devolucións de libros de lectura.
- O alumnado entrará pola porta da dereita e sairá pola porta da esquerda, respectando o sentido de circulación dos corredores. Aproveitase algún mobiliario da biblioteca para separar os espazos.
- O profesorado poderá dar clase na biblioteca, a condición de que se comprometa a desinfectar toda a instalación empregada.
- No caso de “Radio na biblio”, poderán acceder tres alumnos e un profesor, situación que poderá variar se dispoñemos de biombo. Nos micrófonos anularase a esponxa e desinfectarase a cabeza do micro despois de cada uso, igual ca a mesa de mesturas.
- Tanto a radio como a biblioteca, permanecerá ventilada coas portas e fiestras abertas.
- As mesas e postos de traballos que se poden utilizar estarán sinalizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade.

MEDIDAS HIXIÉNICAS

- As portas e fiestras da biblioteca permanecerán abertas para favorecer a ventilación da mesma.
- Na entrada da biblioteca haberá xel para desinfectar as mans ao entrar e saír.

- Habará tamén unha alfombra desinfectante para desinfectar o calzado antes de entrar.
- O profesorado desinfectará a zona que vaia usar.
- O material quedará en corentena despois do seu uso, mínimo 48 horas.
- Os xogos, robots, legos, robots, ... poderán empregarse en grupo burbulla, a condición de que estea en corentena 48 horas e o que se poida desinfectar sen avariar, pasaráselle un pano con desinfectante.

EMPRÉSTITO E DEVOLUCIÓN

- Empréstito : O alumnado non poderá coller os libros directamente dos andeis, terán que solicitarlle ao encargado da biblioteca o libro ou outro material que desexa levar.
- Devolución : O alumnado deixará o libro ou material a devolver na caixa identificada para tal efecto(unha para primaria e infantil, e outra para secundaria) na entrada da biblioteca e será a encargada da biblioteca a que fará a devolución.
- Poderase pedir libros online, levados ás aulas por un membro do equipo de biblioteca.
- As seccións de aula desaparecerán para evitar o manexo dos libros por varios alumnos, pero si que o alumnado pode escoller un libro da biblioteca para a hora de ler, máis permanecerá debaixo da súa mesa.
- No caso de volverse a suspender as aulas, poderanse levar empréstados libros sempre atendendo as recomendacións da Consellería.

FORMACIÓN DE USUARIOS

- A formación de usuarios realizarase sobre todo de forma telemática, empregando o blog, a aula virtual e o facebook da biblioteca.
- Para o alumnado de 2º da ESO que cursa a materia de ALFIN, aproveitarase unha sesión ao mes para vir a biblioteca, respectando as normas anteriormente establecidas.

